



INSTITUTO GALEGO DE
ESTADÍSTICA

INFORME SOBRE A ENQUISA TRIMESTRAL DE CUSTO LABORAL

Segundo trimestre de 2020

Santiago de Compostela, 17 de setembro de 2020

Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp?>
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Páxina Web : <http://www.ige.eu>

Enquisa trimestral de custo laboral (ETCL). Segundo trimestre de 2020

- O custo laboral das empresas diminuíu en Galicia un 5,6% no segundo trimestre de 2020 con respecto ao mesmo período do ano anterior; no conxunto de España a diminución foi do 8,3%. O custo laboral total en Galicia é de 2.264,84 euros, 178,07 euros inferior á media nacional (2.442,91 euros).
- O custo salarial diminuíu en Galicia un 6,1% no segundo trimestre de 2020 con respecto ao mesmo período do ano anterior e en España, un 9,4%. O custo salarial en Galicia sitúase nos 1.668,80 euros, mentres que a media do conxunto de España é de 1.804,08 euros.
- O custo laboral por hora efectiva aumenta un 11,9% en Galicia e en España no segundo trimestre do ano.
- Por comunidades autónomas, as maiores caídas do custo laboral rexístranse en Illes Balears e Canarias.
- A xornada semanal media pactada é de 34,7 horas semanais en Galicia e de 34,4 horas en España.


Custo laboral. Segundo trimestre de 2020				
Taxa de variación anual do custo total e achegas dos seus compoñentes		Euros	Taxa interanual	
-5,6		Custo total	2.264,84	-5,6
-4,5		Custo salarial total	1.668,80	-6,1
		Outros custos	596,04	-4,4
-1,6		Cotizacións obrigatorias	544,13	-6,5
0,5		Percepcións non salariais	62,95	23,7
0,1		Subvencións e bonificacións⁽¹⁾	11,03	15,9

⁽¹⁾ As subvencións subtráense dos outros custos

1. Custo laboral segundo os seus compoñentes

O custo laboral por traballador e mes acada os 2.264,84 euros no segundo trimestre de 2020, co que diminúe un 5,6% respecto ao mesmo trimestre do ano anterior. En España o custo laboral diminúe un 8,3% e supera en 178,07 euros o custo laboral en Galicia.

O seguinte gráfico amosa a evolución do custo laboral por traballador e mes.



Este decrecemento do coste laboral por traballador é debido, fundamentalmente, á situación derivada da declaración do estado de alarma que suspendeu de forma temporal diversas actividades económicas, principalmente durante os meses de abril e maio.

O custo laboral pode desagregarse en dous grupos: custo salarial e outros custos.

- O **Custo salarial**, que comprende salario base, complementos salariais, pagos por horas extraordinarias, pagos extraordinarios e pagos atrasados, medidos en termos brutos, acada os 1.668,80 euros por traballador e mes en Galicia, o que supón unha baixada do 6,1%. En España, o custo salarial baixa un 9,4%.
- Se se exclúe o factor variable dos salarios (pagos extraordinarios e atrasados), obtense o custo salarial ordinario, que diminúe o 8,5% en Galicia, acadando os 1.411,49 euros. En España, o custo salarial ordinario é de 1.498,01 euros, cunha diminución do 11,0% respecto ao mesmo trimestre do ano anterior.
- Os **Outros custos**, que comprenden principalmente as cotizacións obrigatorias á Seguridade Social e as percepcións non salariais (indemnizacións, prestacións sociais,...) sitúanse en 596,04 euros en Galicia, co que diminúen un 4,4%; en España diminúen un 5,0%, ata os 638,83 euros. O descenso dos Outros custos en Galicia ven motivado pola redución das cotizacións obrigatorias nun 6,5%.

2. Custo laboral segundo actividade económica

Desagregando segundo sectores de actividade económica, o custo laboral total diminúe na construción e nos servizos mentres que aumenta na industria.

Na **Industria** o Custo total diminúe un 10,5% debido principalmente á diminución do 12,1% do Custo salarial total. Os Outros custos decrecen un 5,9%, cunha baixada das cotizacións obrigatorias (9,8%).

INDUSTRIA. Segundo trimestre de 2020			
Taxa de variación do custo total e achegas dos seus compoñentes		Euros	Taxa interanual
-10,5			
-8,9			
-2,4			
0,8			
0,0			
	Custo total	2.558,4	-10,5
	Custo salarial total	1.849,5	-12,1
	Outros custos	708,9	-5,9
	Cotizacións obrigatorias	636,7	-9,8
	Percepcións non salariais	80,1	41,4
	Subvencións e bonificacións⁽¹⁾	7,9	-12,1

⁽¹⁾ As subvencións subtráense dos outros custos

O descenso do 7,2% do Custo total na **Construción** vén motivado en maior medida polo Custo salarial total (-7,3%). Os Outros custos baixan un 6,9%: diminúen as cotizacións obrigatorias (-6,1%) e as percepcións non salariais (-15,1%).

CONSTRUCCIÓN. Segundo trimestre de 2020			
Taxa de variación do custo total e achegas dos seus compoñentes		Euros	Taxa interanual
-7,2			
-5,3			
-1,4			
-0,6			
-0,1			
	Custo total	2.704,2	-7,2
	Custo salarial total	1.960,5	-7,3
	Outros custos	743,8	-6,9
	Cotizacións obrigatorias	649,1	-6,1
	Percepcións non salariais	97,1	-15,1
	Subvencións e bonificacións⁽¹⁾	2,4	-60,1

⁽¹⁾ As subvencións subtráense dos outros custos

Nos **Servizos** o Custo total diminúe un 4,0% como consecuencia, fundamentalmente, do decrecemento do Custo salarial total nun 4,1%. Os Outros custos diminúen un 3,6% pola redución nun 5,6% das cotizacións obrigatorias.

SERVIZOS. Segundo trimestre de 2020

Taxa de variación do custo total e achegas dos seus compoñentes		Euros	Taxa interanual
-4,0	Custo total	2.152,8	-4,0
-3,1	Custo salarial total	1.597,8	-4,1
	Outros custos	555,0	-3,6
-1,3	Cotizacións obrigatorias	512,0	-5,6
0,5	Percepcións non salariais	55,6	27,4
0,1	Subvencións e bonificacións⁽¹⁾	12,6	26,5

⁽¹⁾ As subvencións subtráense dos outros custos

O custo laboral na Industria en Galicia é inferior en máis de 327 euros á media nacional; nos Servizos a diferenza é menor, en torno aos 200 euros; mentres que na Construción, é superior en máis de 100 euros.

3. Tempo de traballo

No segundo trimestre de 2020, a xornada semanal media pactada en Galicia é de 34,7 horas semanais, e destas, pérdense 9,6 horas semanais. En España, a xornada semanal pactada é de 34,4 horas, das que se perden 10,0 horas semanais.

Se se engaden horas extras e se restan as horas perdidas, a xornada efectiva é de 25,2 horas semanais en Galicia e de 24,6 horas no conxunto do Estado.

O custo laboral total por hora efectiva aumenta en Galicia e en España un 11,9%.

**Custo laboral por hora efectiva.
Segundo trimestre de 2020**


	Euros	Taxa interanual
Galicia		
Custo laboral total	20,6	11,9
Custo salarial total	15,2	11,4
Outros custos	5,4	13,6
España		
Custo laboral total	22,9	11,9
Custo salarial total	16,9	10,5
Outros custos	6,0	15,9

Fonte: INE

O descenso do número de horas efectivas debido á redución da actividade no segundo trimestre de marzo pola pandemia do COVID-19, motiva o aumento do custo laboral por hora.

4. Custo laboral corrixido de estacionalidade e calendario

Se eliminamos os efectos estacionais e de calendario, o custo laboral por traballador rexistra unha diminución do 5,3% respecto ao mesmo trimestre do ano anterior.




5. Custo laboral por comunidades autónomas

Por comunidades autónomas, o custo laboral máis elevado corresponde a Madrid, que supera en máis de 500 euros á media nacional, mentres que en Canarias e en Illes Balears o custo laboral é inferior á media nacional en máis da cantidade anterior.

O custo laboral descende en todas as comunidades. Onde máis decreceu foi en Illes Balears (-24,9%) e Canarias (-20,8%), e onde menos, Navarra (-3,0%).

Custo laboral total. 2º trimestre de 2020

Taxas de variación en %



Notas metodolóxicas

A Enquisa trimestral de custo laboral ten por obxectivo coñecer a evolución do custo laboral medio por traballador e por hora efectiva de traballo.

Investíganse os traballadores asalariados por conta allea asociados as Contas de Cotización á Seguridade Social incluídas no Réxime Xeral e cuxa actividade económica estea encadrada nas seccións B a S da CNAE-09 e no Réxime Especial de traballadores do mar e cuxa actividade económica é o transporte marítimo.

Custo laboral: custo no que incorre o empregador pola utilización de factor traballo. Comprende un amplo grupo de partidas que a enquisa recolle en dous bloques principais: custos salariais e outros custos.

Custo salarial: comprende todas as percepcións económicas realizadas aos traballadores, en efectivo ou en especie, pola prestación profesional dos servizos laborais por conta allea, xa retribúan o traballo efectivo, calquera que sexa a forma de remuneración, ou os períodos de descanso computables como de traballo.

Outros custos: inclúen as percepcións non salariais e as cotizacións obrigatorias á Seguridade Social.

Hora efectiva: son as horas realmente traballadas tanto en períodos normais de traballo como en xornada extraordinaria, incluíndo as horas perdidas no lugar de traballo, que teñen a consideración de tempo efectivo en virtude da normativa vixente.

Custo laboral por traballador e mes: mide o custo que supón para o empresario empregar a un traballador durante un mes.

Custo laboral por hora efectiva de traballo: mide o custo que supón para o empresario unha hora efectiva de traballo.

O custo debe ser medido en termos netos para o empregador, é dicir, deducindo as diversas subvencións recibidas.

Anexo cadros

Cadro 1.- Custo laboral por sectores económicos segundo os seus compoñentes. Segundo trimestre de 2020

	Total		Industria		Construcción		Servizos	
	Euros	Taxa interanual	Euros	Taxa interanual	Euros	Taxa interanual	Euros	Taxa interanual
Galicia								
Custo laboral total	2.264,84	-5,6	2.558,42	-10,5	2.704,20	-7,2	2.152,80	-4,0
Custo salarial total	1.668,80	-6,1	1.849,53	-12,1	1.960,45	-7,3	1.597,82	-4,1
Custo salarial ordinario	1.411,49	-8,5	1.548,57	-15,4	1.454,33	-8,8	1.374,54	-6,4
Outros custos	596,04	-4,4	708,89	-5,9	743,75	-6,9	554,98	-3,6
Cotizacións obrigatorias	544,13	-6,5	636,68	-9,8	649,07	-6,1	511,98	-5,6
Percepcións non salariais	62,95	23,7	80,08	41,4	97,12	-15,1	55,61	27,4
Subvencións e bonificacións	11,03	15,9	7,87	-12,1	2,44	-60,1	12,61	26,5
España								
Custo laboral total	2.442,91	-8,3	2.886,28	-9,6	2.601,47	-5,8	2.353,27	-8,2
Custo salarial total	1.804,08	-9,4	2.098,44	-11,6	1.878,77	-5,5	1.746,75	-9,2
Custo salarial ordinario	1.498,01	-11,0	1.703,32	-12,5	1.510,66	-7,7	1.460,83	-10,9
Outros custos	638,83	-5,0	787,84	-3,7	722,70	-6,6	606,52	-5,1
Cotizacións obrigatorias	574,75	-7,1	697,44	-7,4	652,21	-6,2	547,56	-7,1
Percepcións non salariais	75,74	14,9	99,67	31,6	77,05	-9,8	71,42	13,9
Subvencións e bonificacións	11,67	-6,0	9,26	-13,1	6,57	-11,0	12,46	-4,8

Fonte: INE

Cadro 2.- Custo laboral por hora efectiva. Segundo trimestre de 2020

	Total		Industria		Construcción		Servizos	
	Euros	Taxa interanual	Euros	Taxa interanual	Euros	Taxa interanual	Euros	Taxa interanual
Galicia								
Custo laboral total	20,6	11,9	21,9	9,8	21,5	8,3	20,2	13,1
Custo salarial total	15,2	11,4	15,9	7,8	15,6	8,2	15,0	13,0
Custo salarial ordinario	12,9	8,5	13,3	3,8	11,6	6,5	12,9	10,2
Outros custos	5,4	13,6	6,1	15,4	5,9	8,7	5,2	13,3
España								
Custo laboral total	22,9	11,9	24,5	9,3	20,5	9,2	22,7	12,7
Custo salarial total	16,9	10,5	17,8	6,9	14,8	9,6	16,9	11,4
Custo salarial ordinario	14,0	8,6	14,5	5,8	11,9	7,0	14,1	9,3
Outros custos	6,0	15,9	6,7	16,3	5,7	8,2	5,9	16,7

Fonte: INE

Cadro 3.- Horas semanais por traballador e mes¹. Segundo trimestre de 2020

	Total		Industria		Construcción		Servizos	
	Horas efectivas	Horas non traballadas	Horas efectivas	Horas non traballadas	Horas efectivas	Horas non traballadas	Horas efectivas	Horas non traballadas
Galicia								
Ambas xornadas	25,2	9,6	26,8	11,5	28,9	9,4	24,5	9,2
Tempo completo	28,6	10,5	26,8	11,7	29,6	9,7	28,6	10,3
Tempo parcial	12,9	6,2	13,1	9,8	15,6	4,0	12,9	6,0
España								
Ambas xornadas	24,6	10,0	27,1	10,7	29,1	8,7	23,8	9,9
Tempo completo	28,1	10,8	28,2	11,2	30,3	9,0	27,9	10,8
Tempo parcial	12,7	7,2	15,4	5,8	14,6	5,6	12,5	7,3

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos difundidos polo INE

¹ A efectos de cálculo, considéranse 4,35 semanas ao mes

Cadro 4.- Custo laboral total. Segundo trimestre de 2020

	Custo laboral por traballador e mes			Custo laboral por hora efectiva		
	Euros	Índice 2016=100	Taxa interanual	Euros	Índice 2016=100	Taxa interanual
España	2.442,9	96,1	-8,3	22,9	115,6	11,9
Andalucía	2.222,2	97,0	-5,7	20,1	111,9	11,0
Aragón	2.348,1	97,2	-10,9	22,0	114,8	7,8
Asturias	2.598,7	101,0	-6,8	23,4	114,8	7,7
Balears, Illes	1.892,1	79,4	-24,9	21,6	121,0	18,9
Canarias	1.787,3	82,7	-20,8	19,5	118,3	15,8
Cantabria	2.357,9	97,1	-10,2	22,0	118,8	9,6
Castilla y León	2.250,3	96,8	-6,8	20,7	112,2	10,7
Castilla-La Mancha	2.239,5	99,1	-6,5	20,3	114,5	7,3
Cataluña	2.553,6	94,9	-11,2	24,9	119,0	12,4
Comunitat Valenciana	2.133,9	94,3	-10,0	20,5	115,4	11,6
Extremadura	2.090,2	99,7	-6,3	18,3	109,3	5,0
Galicia	2.264,8	100,7	-5,6	20,6	118,7	11,9
Madrid	2.966,7	98,6	-5,0	26,0	114,8	11,9
Murcia	2.233,2	96,4	-4,0	19,9	110,8	10,4
Navarra	2.782,0	104,8	-3,0	25,0	116,0	12,5
País Vasco	2.858,8	97,0	-6,3	27,9	114,8	13,6
Rioja, La	2.236,6	95,6	-10,2	20,9	112,8	7,0

Fonte: INE

Cadro 5.- Custo salarial. Segundo trimestre de 2020

	Custo salarial por traballador e mes			Custo salarial por hora efectiva		
	Euros	Índice 2016=100	Taxa interanual	Euros	Índice 2016=100	Taxa interanual
España	1.804,1	95,1	-9,4	16,9	114,4	10,5
Andalucía	1.647,3	97,1	-5,8	14,9	112,0	10,8
Aragón	1.739,1	97,0	-11,5	16,3	114,5	7,1
Asturias	1.949,0	101,0	-6,9	17,5	114,7	7,7
Balears, Illes	1.372,6	78,0	-26,0	15,7	118,8	17,1
Canarias	1.282,2	80,6	-23,0	14,0	115,3	12,4
Cantabria	1.728,2	95,6	-11,7	16,1	117,0	7,7
Castilla y León	1.652,6	96,2	-8,1	15,2	111,4	9,2
Castilla-La Mancha	1.636,8	98,0	-6,4	14,8	113,1	7,4
Cataluña	1.879,1	93,2	-13,2	18,4	116,9	9,8
Comunitat Valenciana	1.555,3	92,4	-11,2	15,0	113,1	10,1
Extremadura	1.533,6	98,5	-8,3	13,4	108,0	2,8
Galicia	1.668,8	100,8	-6,1	15,2	118,9	11,4
Madrid	2.232,8	98,0	-6,0	19,6	114,0	10,7
Murcia	1.652,1	95,8	-3,7	14,7	110,2	10,7
Navarra	2.068,1	105,2	-3,1	18,6	116,5	12,4
País Vasco	2.065,9	93,7	-8,4	20,1	111,0	11,0
Rioja, La	1.654,6	94,4	-11,0	15,5	111,5	6,0

Fonte: INE

Cadro 6.- Outros custos. Segundo trimestre de 2020

	Outros custos por traballador e mes			Outros custos por hora efectiva		
	Euros	Índice 2016=100	Taxa interanual	Euros	Índice 2016=100	Taxa interanual
España	638,8	99,2	-5,0	6,0	119,4	15,9
Andalucía	574,9	96,6	-5,3	5,2	111,6	11,6
Aragón	609,0	97,9	-9,1	5,7	115,8	10,0
Asturias	649,7	101,2	-6,5	5,8	115,0	7,9
Balears, Illes	519,5	83,4	-21,7	5,9	127,5	24,0
Canarias	505,1	88,5	-14,5	5,5	126,6	25,2
Cantabria	629,8	101,3	-5,8	5,9	124,1	15,1
Castilla y León	597,6	98,7	-2,9	5,5	114,3	15,1
Castilla-La Mancha	602,7	102,2	-6,9	5,5	118,2	7,1
Cataluña	674,5	100,0	-4,9	6,6	125,3	20,5
Comunitat Valenciana	578,6	99,8	-6,6	5,6	121,9	15,8
Extremadura	556,7	103,1	-0,4	4,9	113,3	11,7
Galicia	596,0	100,5	-4,4	5,4	118,3	13,6
Madrid	733,9	100,6	-1,8	6,4	117,1	15,8
Murcia	581,2	98,1	-4,7	5,2	112,6	9,5
Navarra	713,9	103,6	-2,9	6,4	114,7	12,7
País Vasco	792,9	106,5	-0,3	7,7	125,9	21,0
Rioja, La	582,1	99,0	-7,8	5,4	116,7	9,7

Fonte: INE